


# OFERTA FORMATIVA: DA ESCOLA Á GRANXA 2024

Nome da entidade/produtor	Concello	Especialidade	Prezo
A Carqueixa S. Coop. Galega e Piorneda.Anda	Cervantes	Cooperativa de Gando IXP Terreira Gallega	500 €/xornada
A Casa da Fonte (Xosé García Freire)	Ferreira de Pantón	Leitaria e produtos lácteos con pastoreo en extensivo	500 €/xornada
Ana Pérez Boo	Abadín	Gando ovino extensivo en pastoreo	500 €/xornada
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)	No centro escolar	Obradoiros de educación ambiental	525 €/obradoiro
Airas Moniz	Chantada	Queixaría e produtos lácteos artesanais	550 €/xornada
Arqueixal	Palas de Rei	Queixaría e produtos lácteos ecolóxicos	525 €/xornada
Avicava Natur SC	Guntín	Gando cabrún e vacún en extensivo	500 €/xornada
Casa Bértolo SC	Friol	Agricultura e gandería sostidas pola comunidade	500 €/xornada
Caurelor	Quiroga	Castañas, marmeladas, zumes e mel	500 €/xornada
Casa Labradela	Xove	Porco Celta, mel e vacún e gando caballar	500 €/xornada
Champivil SL	Vilalba	Envasado de produtos autóctonos e naturais (setas, arros, ortigas, etc...)	500 €/xornada
Daveiga (Galletas Mariñeiras)	Chantada	Elaboración de tostas de pan	500 €/xornada
El País del Abeyeiro (Alberto Uriá Moreno)	Negreira de Muñiz	Apicultura tradicional e ecomuseo	500 €/xornada
Embutidos Suarna SL	Navia de Suarna	Elaboración de embutidos artesanais	500 €/xornada
Froitos da Horta A Ruliña SL (Tres Fucifios S. Coop. Galega)	Carballedo	Cooperativa de Porco celta e horta	500 €/xornada
Gandería Alejandro Salvatierra	A Pontenova	Gando cabalo galego, vacún, cabrún, porquino e ovino	500 €/xornada
Gandería Quintián SC	O Páramo	Queixaría e granxa de vacún de leite	500 €/xornada
Gandería Pulián SC (Lácteos Ribeira Sacra)	Monforte de Lemos	Queixaría e granxa de vacún de leite	500 €/xornada
Granxa Aieiroá	Láncara	Granxa avícola, ovos e ovella galega	500 €/xornada
Granxa Angus do Campo (Manuel Freire Muñifía)	Castroverde	Gando vacún angus extensivo ecolóxico	500 €/xornada
Granxa Teixeira e Pistón SC	Becerreá	Gando cabrún e cabalar en extensivo	500 €/xornada
José Luis Varela Carreira	Palas de Rei	Gando vacún autóctono e ecolóxico	500 €/xornada
Mantoiño Holstein (Gandeiría Mantoiño SL)	Barreiros	Gando vacún leiteiro extensivo	500 €/xornada
Milhulloa S. Coop. Galega	Palas de Rei	Herbas medicinais e cosmética ecolóxica	500 €/xornada
Muvicia (AAMUVICIA)	Láncara	Museo de maquinaria agrícola, gando vacún e mazás en ecolóxico	500 €/xornada
O Trobo, Mel do Valadouro (María Fe Sixto Pernas)	O Valadouro	Museo do mel e produción apícola	500 €/xornada
Pazo de Vilane	Antas de Ulla	Granxa avícola e produción de ovos	500 €/xornada
Porco Celta de Outeiro (Fernando Saavedra Portela)	Castro de Rei	Porco Celta en réxime extensivo	500 €/xornada
SAT Lodos e Pérez	A Pastoriza	Gando vacún leiteiro extensivo	500 €/xornada
SAT O Palomar (Quiara Pardeñas Prieto)	Láncara	Granxa de gando vacún leiteiro	500 €/xornada
Sen Máis - As Vacas da Ulloa (As Vacas da Ulloa SCG)	Palas de Rei	Leite e produtos lácteos ecolóxicos	550 €/xornada
Terras da Mariña S. Coop. Galega	Lourenzá	Produción de IXP Faba de Lourenzá	500 €/xornada
Traloagro SL	Friol	Gando vacún e avícola ecolóxico	500 €/xornada
Tropic Gaia (Andrea González Río)	No centro escolar	Obradoiros de horta e plantacións	525 €/obradoiro



**A CARQUEIXA S. COOP. GALEGA e PIORNEDO ANDA**

1.- Nome da granxa: A Carqueixa S. Coop. Galega / Piornedo Anda

2.- Localización: Piornedo - Cervantes


Coordenadas: 42.85581798975491, -6.875548442474812

<https://goo.gl/maps/xjwGEosuHoYUxuSQ6>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**, inclúe degustación de produtos

4.- Actividades:

- Difusión pedagóxica dos valores dos habitantes dos Ancares
- Cooperativa de granxas de vacún de carne dos Ancares co selo IXP “Terneira gallega suprema” e a marca “O Sabor dos Ancares”
- Organización de actividades formativas e divulgativas: Xincana pedagóxica
- “Gandería heroica”, transhumancia e degustación dos produtos da cooperativa “O Sabor dos Ancares”



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas

6.- Contacto: Lucía González, tef. 618590273; Román Sánchez (Carqueixa) , tef. 670 300 380

Email: [lucia@osabordosancares.com](mailto:lucia@osabordosancares.com); [coordinacion@acarqueixa.com](mailto:coordinacion@acarqueixa.com)

### A CASA DA FONTE

1.- Nome da granxa: Gandería Casa da Fonte

2.- Localización: Mañente, Pantón


Coordenadas: 42.49927258703315, -7.572834090995381

<https://goo.gl/maps/546MnaZb1eaUGG7b9>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**, visita guiada á granxa + obradoiro con material incluído

4.- Actividades:

- Granxa de vacún en extensivo, pastoreo ecolóxico poñendo en valor o hábitat natural
- Sistema de muxidoira no prado con sala de muxidoira móbil
- Elaboración e comercialización propias de produtos lácteos (leite, nata, iogures, queixo, manteiga)
- Diversificación produtiva na granxa: porco celta, pitas poñedoras, cebo de polos, etc...
- Organización de visitas á granxa e ao obradoiro de produtos lácteos



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas

6.- Contacto: Xosé García Freire, tef. 691 060 470

Email: [ecocasadafonte@gmail.com](mailto:ecocasadafonte@gmail.com)

### ANA PÉREZ BOO

1.- Nome da granxa: Ana Pérez Boo

2.- Localización: Sabugos, 6. Abeledo (Abadín)


Coordenadas: 43.32354751530767, -7.478289113760621

<https://maps.app.goo.gl/5ovZa6NhTj8URAYy6>

3.- Condicións da visita: **máximo 40 participantes**. Datras preferentes: dende febreiro a xuño. Datras excluíntes: meses de novembro, decembro e xaneiro.

4.- Actividades:

- Granxa de gando ovino, asociada a OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia). Visita á granxa e as súas instalacións.
- Explicación dos distintos tipos de produción en gando ovino, sistemas de cría, labores para o seu manexo e os beneficios medioambientais e sociais que aporta a gandería extensiva.
- Diferentes produtos obtidos, facendo especial fincapé na produción da lã das ovellas, as súas propiedades e os seus posibles usos. Realización dun pequeno obradoiro de procesado de la (cardado, fiado ou afieltrado).



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas

6.- Contacto: Ana Pérez Boo, tef. 698 191 712

Email: [ana.pboo@yahoo.es](mailto:ana.pboo@yahoo.es)



### ADEGA

- 1.- Nome da entidade: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
- 2.- Localización: Actividades impartidas nas instalacións dos centros escolares que o soliciten
- 3.- Condicións da actividade: **máximo 30 participantes**, obradoiro impartido no centro escolar
- 4.- Actividades (obradoiros de educación ambiental):
  - **Facendo compostaxe no cole!:** Instalación de composteiro no centro de ensino. Impartirase unha charla e material informativo e didáctico para o centro con asignación de tarefas.
  - **Coidando as aves amigas:** Creación de comedeiros con material de refugallo para atraer paxaros insectívoros que axudan a manter as pragas controladas. Entrega de fichas, as aves que vemos dende a nosa fiestra; para ir cubrindo ao longo dun mes.
  - **Creamos un hotel de Insectos:** Con material de refugallo crearemos un hotel para os máis importantes e tamén máis esquecidos da nosa contorna. Achegaremos a importancia dos insectos para a biodiversidade. ACTIVIDADE SÓ PARA NENOS DE PRIMARIA.
  - **Conservando os bosques:** Explicación da importancia dos nosos bosques e de o correcto aproveitamento do papel. Crea papel reciclado a partires de xornais vellos.
  - **Facendo a miña pasta de dentes:** Preparación de pasta de dentes natural e ecolóxica a partires das herbas que podemos atopar no nosos hortos.
  - **Fabricando espantallos con material de refugallo:** Creación de espantallos con materias que fan acabar no lixo. Iniciar ás participantes nas 3 Rs (reducir, reutilizar e reciclar).
  - **Aforramos auga, conservamos vida:** Realizar unha inspección do consumo da auga no centro e elaborar medidas, se fosen necesarias, para aforrar o consumo, evitar as secas e favorecer a vida animal e vexetal.
  - **Bombardeo de sementes:** Creación de bombas de sementes con arxila, para que as lancen no cole ou no sitio que elixan.
  - **Obradoiro de lixo mariño e microplásticos:** Medio litoral e limpeza de lixo mariño: a costa galega acolle unha elevada diversidade natural que compre coñecer e valorar. Unha das ameazas é o lixo mariño e os microplásticos que afecta a numerosas especies. Taller para descubrir a presenza dos microplásticos na area das praias e usos artísticos do lixo mariño.
  - **Enerxía que non dana o medio ambiente:** todos os días empregamos enerxía. Aprenderemos de onde ven e que clases hai e o seu impacto no entorno próximo e para o planeta. Taller para a construción dun papaventos e/ou dun forno solar. ACTIVIDADE SÓ PARA NENOS DE PRIMARIA.



5.- Custo das actividades: 525 €/obradoiro IVE incluído. Duración 2 horas

6.- Contacto: Lucía, tef. 982240299. Email: [adegalugo@adega.gal](mailto:adegalugo@adega.gal); [ramses@adega.gal](mailto:ramses@adega.gal)

## AIRAS MONIZ

1.- Nome da granxa: Airas Moniz

2.- Localización: Lugar Outeiro, San Salvador de Asma, Chantada


Coordenadas: 42.59912270273337, -7.755093445918768

<https://goo.gl/maps/eygMy83XYKbxi4Q88>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes**, visita á granxa e á queixería + obradoiro. Idade mínima **8 anos**.

4.- Actividades:

- Pasa de ser unha das 15 granxas máis grandes de Galicia a converterse nunha microexplotación produtora de leite de pastoreo de calidade
- Granxa de vacas jersey en réxime de pastoreo extensivo
- Elaboración de manteiga e queixo, premiados en varias edicións do Salón Gourmet de Madrid e no galardón que outorga o Ministerio de Agricultura nos premios “Alimentos de España”: mellor queixo azul de España, e 4 variedades finalistas
- Visita guiada á granxa e á queixería. Obradoiros de elaboración de queixo



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Visita, obradoiro e actividades 2 - 3 h de duración

6.- Contacto: Suso, tef. 639 692 351

Email: [info@airasmoniz.com](mailto:info@airasmoniz.com)

## ARQUEIXAL

1.- Nome da granxa: Arqueixal

2.- Localización: Santiago de Albá, Palas de Rei


Coordenadas: 42.84658800738935, -7.887646772874035

<https://goo.gl/maps/JuQmJRGvXMdkfB6c6>

3.- Condicións da visita: **máximo 35 participantes**, visita á granxa, interacción cos animais, visita teatralizada e obradoiro de elaboración de queixo

4.- Actividades:

- Granxa pioneira na produción de leite ecolóxico con vacas de raza parda alpina
- Elaboración de queixo, iogurt natural e envasado de leite fresco con cata dos ditos produtos ecolóxicos
- Agroecoturismo activo e cultura do coñecemento da tradición: complexo de agroecoturismo con parladoiro, recreación de labores e oficios tradicionais, unidade didáctica empírica para colexios baixo o nome “Tempos de aldea”. Visita teatralizada á aldea e á Casa da Rebordela
- Visita á granxa e interacción cos animais
- Taller de elaboración de queixo, con agasallo de envase para levar o queixo que cada un elabore



5.- Custo das actividades: 525 €/xornada. Duración 2 - 3 horas

6.- Contacto: Xosé Luís Carreira, tef. 629 176 030 / 982 380 251

Email: [contacto@arqueixal.com](mailto:contacto@arqueixal.com)

## AVICAVA NATUR

1.- Nome da granxa: Avicava Natur SC

2.- Localización: Lugar Borreiques, Guntín


Coordenadas: 42.93755688346299, -7.740596069703866

<https://goo.gl/maps/YheKKaDLZ69KWgWc8>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**, inclúe degustación de cabrito ecolóxico

4.- Actividades:

- Granxa de cabrún de carne: carne de cabrito de alta calidade exclusivamente a base de pastoreo e leite materno e da raza autóctona Cabra Galega
- Diversificación produtiva coa introdución dun rabaño de raza autóctona Vaca Caldelá
- Certificación en ecolóxico a través do CRAEGA
- Granxa asociada ao Sindicato Labrego Galego
- Venda directa: cabrito de raza galega ecolóxico
- Organización de obradoiro/xornada de pastoreo no monte para escolares
- Degustación de cabrito ecolóxico da explotación cociñado en restaurante tradicional colaborador



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas. Visitas entre abril e xuño

6.- Contacto: Gemma San Pedro, tef. 620 547 143

Email: [gemmasanji@gmail.com](mailto:gemmasanji@gmail.com); [gemmasanji@hotmail.com](mailto:gemmasanji@hotmail.com)



### CASA BÉRTOLO

1.- Nome da granxa: Casa Bértolo SC

2.- Localización: Lugar Macedo, Condes, Friol


Coordenadas: 43.00693779447732, -7.800319157545073

<https://goo.gl/maps/qUQBFgwXpHfo4eSAA>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**, inclúe obradoiro

4.- Actividades:

- Agricultura sostida pola comunidade
- Granxa familiar de vacún del leite en réxime de pastoreo, con experiencia acumulada de varias xeracións
- Produción de leite de pastoreo e queixo ecolóxico, certificados polo CRAEGA
- Experiencia na organización de visitas de centros escolares da Terra Chá
- Granxa asociada ao Sindicato Labrego Galego, que desenvolve actividades culturais de gran calado no concello de Friol



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Concha, tef. 636 261 224

Email: [casabertolo@gmail.com](mailto:casabertolo@gmail.com)

### CASA LABRADELA

1.- Nome da granxa: Casa Labradela (Shaila e Jose García González)

2.- Localización: Labradela 7 - A Rigueira, Xove


Coordenadas: 43.651111, -7.481250

<https://goo.gl/maps/AWzS28Ej1b1Tx9zL9>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Explotación que combina catro orientacións produtivas que son: Porco Celta, cabalos, vacas de carne e mel.
- Venta directa de mel en establecementos de proximidade e a través da plataforma afeira.gal, dispoñendo de instalacións onde se procesa dende a súa recolección ata o envasado e etiquetaxe.
- Obradoiros para os rapaces:
  - Visita de instalacións das vacas de carne e do Porco Celta que ambos están en sistema extensivo e das instalacións onde se procesa o mel.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Shaila, tef. 660 107 832

Email: [mshaila.garcia@hotmail.com](mailto:mshaila.garcia@hotmail.com)

## CAURELOR

1.- Nome do produtor: Caurelor

2.- Localización: Espandariz s/n, Quiroga

Coordenadas: 42.471531340195725, -7.295224544255958

<https://goo.gl/maps/H8SjYPEwn35wzpr66>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**. Datas preferentes: abril - maio, setembro - outubro

4.- Actividades:

- Produción de castañas, marmeladas, zumes e mel
- Diversificación produtiva a partir dun número reducido de colmeas para o envasado de mel
- Elaboración a partir de produtos da serra do Courel
- Produción artesá e ecolóxica, en función dos ciclos naturais
- Visita ao souto de Santa Eufemia no Courel, dentro do Xeoparque “Montañas do Courel”. Explicación de onde se recollen os produtos (arandos, castañas, etc..)
- Chegada a Quiroga, onde se atopa o obradoiro. Explicación e degustación de produtos



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Verónica e Daniel, tef. 675 930 164 / 615 598 075 Email: [info@caurelor.com](mailto:info@caurelor.com)

## CHAMPIVIL

1.- Nome do produtor: Champivil Castelo

2.- Localización: Rúa Mourence 6, Vilalba


Coordenadas: 43.30008273139119, -7.693272339453311

<https://goo.gl/maps/bnrhhKtm94wLL3N47>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Empresa familiar de Vilalba que envasa produtos autóctonos e exporta conservas de vexetais e cogomelos de tempada de Galicia aos principais mercados de España e Europa
- Envasado o mesmo día da recolleita, ofrecendo así unha gama de produtos naturais sen conservantes nin aditivos, procedentes unicamente de Galicia
- Innovación coa venda de ortigas envasadas e unha gama de cervexas artesás de ortiga e grelo
- Organización de visitas de centros escolares con obradoiros de transformación e envasado de grelos e outros produtos vexetais



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Luz Divina, tef. 609 680 761 / 982 511 222. Email: [info@champivil.com](mailto:info@champivil.com)

### DAVEIGA - GALLETAS MARIÑEIRAS

1.- Nome do produtor: Galletas Daveiga

2.- Localización: Polígono “Os Acivos” - Chantada

Coordenadas: 42.589262 -7.775730

<https://goo.gl/maps/nPCyKSvUyxBdRtB87>

3.- Condicións da visita: **máximo 45 participantes** (división en grupos de 15). Datás ideais: outubro a xuño

4.- Actividades:

- Empresa de economía social para a elaboración de tostas de pan “MARIÑEIRAS”
- Adaptación moderna do pan seco que utilizaban os mariñeiros desde o século XV, unha solución moi antiga dos mariñeiros para conservar o pan nas longas travesías oceánicas de forma natural
- Visita ao obradoiro, para ver o proceso de elaboración das Galletas Mariñeiras
- Preguntas, dúbidas e curiosidades
- Posta en común de aspectos relevantes do proxecto: economía social, Desenvolvemento Rural, Economía Circular (aproveitamento auga da chuvia, acumulación enerxética, aproveitamento residuos orgánicos, etc)



4.- Contacto: Xosé Lois Lamazares / Alba Rodriguez, tef. 982440222

Email: [info@daveiga.es](mailto:info@daveiga.es)

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada , IVE incluído (inclúe agasalho dun lote de mariñeiras por persoa participante valorado en 10 euros).

## EL PAÍS DEL ABEYEIRO

1.- Nome da granxa: El país del Abeyeiro

2.- Localización: Aldea de Pena da Nogueira, Nogueira de Muñiz


Coordenadas: 43.08921764133165, -6.926923880921366

<https://goo.gl/maps/GeUkixUoTX2Pqk4G6>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Ecomuseo vivo sobre o mel, a apicultura tradicional e os polinizadores silvestres, con actividades de educación ambiental
- Apicultura tradicional compatible coa biodiversidade
- Centro de traballo visitable ao que se pode achegar todo aquel que queira aprender e coñecer o oficio de apicultor
- Taller de madeira para facer ou reparar as colmeas, sala de extracción e envasado de mel, aula didáctica e zona expositiva
- Actividades formativas de horta ecolóxica
- Visitas guiadas ao Xardín de Polinizadores Fernando Fueyo



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: Alberto Uría, tef. 636 209 880

Email: [hola@elpaisdelabeyeiro.com](mailto:hola@elpaisdelabeyeiro.com)

## EMBUTIDOS SUARNA

1.- Nome do produtor: Embutidos Suarna

2.- Localización: Avenida Ancares 72, A Pobra de Navia, Navia de Suarna


Coordenadas: 42.96645999775628, -7.003480953193672

<https://goo.gl/maps/2tM9VmmbaP9njPRm9>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Posta en valor dos produtos vencellados a este territorio de montaña que comprende Os Ancares Lucenses
- Visitata ao obradoiro artesán para coñecer a elaboración e afumado de produtos derivados cárnicos: androlla e outros embutidos como botelos da Montaña, anoados no estómago, pigureiros, embutidos no cego, chourizos, lombo, cecina, lingua e touciño entrefebrado
- Venda online de produtos artesanais e participación e asistencia a feiras tradicionais
- Xeración de valor engadido e de emprego feminino, tanto no obradoiro como na tenda de distribución propia, grazas ao traballo e adicación da emprendedora que está ao fronte deste proxecto empresarial



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: M<sup>a</sup> Carmen Sánchez, tef. 648 048 795

Email: [embutidosuarna@hotmail.com](mailto:embutidosuarna@hotmail.com); [info@embutidosuarna.com](mailto:info@embutidosuarna.com)

### GANDERÍA ALEJANDRO SALVATIERRA

1.- Nome da granxa: Gandería Alejandro Salvatierra

2.- Localización: Neipín - Vilaboa, A Pontenova


Coordenadas: 43.325046815256606, -7.1631556000273875

<https://goo.gl/maps/G66NsPt934hZcpKB8>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Granxa de vacún en extensivo, gando cabrún, ovino e cabalar
- Fomento da preservación e valorización das razas autóctonas galegas, ao contar con vacas de raza limiá, cachenas ou caldelá
- Mediante o silvopastoreo está a converter superficie abandonada en pastizais sen necesidade de roturación mecánica, valéndose do manexo de cabalos, cabras e vacas de distintas razas
- Granxa gandeira complexa, con distintos tipos de gando que se complementan entre si nun sistema integral no que cada especie ten a súa función e permiten un aproveitamento multifuncional do monte



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. 2 - 3 h de duración

6.- Contacto: Alejandro Salvatierra, tef. 678 061 300

Email: [anayalejandro-sc@hotmail.com](mailto:anayalejandro-sc@hotmail.com)





### GANDERÍA LOIS VARELA

1.- Nome do produtor: Xosé Lois Varela Carreira

2.- Localización: A Conguada 1 - Carreira, Palas de Rei

Coordenadas: 42.910187515745186, -7.745211271164811

<https://goo.gl/maps/6Lsv5FnHdTkGrYP8>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes.**

4.- Actividades:

- Gandaría de vacún de carne en extensivo.
- Manexo do gando en praderías, pastos arbustivos e zonas de carballeira.
- Inscrita no CRAEGA e en BOAGA (a metade da cabana gandeira é de raza limiá).



4.- Contacto: Lois Carreira, tef. 608 689 067

Email: [loiscarreira@gmail.com](mailto:loiscarreira@gmail.com)

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.



### GANDERÍA MANTOÑO HOLSTEIN

1.- Nome do produtor: Gandería Mantoño Holstein

2.- Localización: Novás,8 San Xusto (Barreiros)

Coordenadas: 43.4939237045277, -7.263025159444531

<https://maps.app.goo.gl/YN8otxWPJszknPEc8>

3.- Condicións da visita: **máximo 40 participantes**. Ideal, meses maio e xuño

4.- Actividades:

- Gandería de vacún de leite, co recoñecemento de “Mestre Criador” dende o ano 2007
- Elixida como a mellor granxa de calificación final de Galicia no ano 2021.
- Conta na súa cabana con descendentes da campiona de América no 2005 e 2007, da que por algunhas das súas tenreiras chegaron a pagarse 100.000 dólares
- Móstrase como é a produción de leite, neste caso leite para queixos
- Actividades para os rapaces:
  - Visita á gandería e interacción cos animais
  - Manexo, alimentación e coidado dos animais nunha granxa
  - Concienciación sobre o mantemento da paisaxe e do entorno natural, e a produción sustentable de alimentos



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Tef. 626 309 194

Email: [mantonoholstein@telefonica.net](mailto:mantonoholstein@telefonica.net)



### GANDERÍA PULUÁN - LÁCTEOS RIBEIRA SACRA

1.- Nome do produtor: Gandería Puluan SC – Lácteos Ribeira Sacra

2.- Localización: As Fontes de Reigada, Monforte de Lemos (Lugo)


Coordenadas: 42.529149, -7.467703

<https://maps.app.goo.gl/P1tVvkLbayhFV9Uy6>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes.**

4.- Actividades:

- Granxa familiar na que contamos con vacas leiteiras de raza Frisona (Holstein) en semi intensivo, cualificada por benestar animal.
- Levamos acabo tarefas de todo tipo como a limpeza, o muxido e a produción da alimentación dos nosos animais xa que nos mesmos nos dedicamos a agricultura para producir o seu forraxe.
- Situados en plena Ribeira Sacra quixemos crear unha relación entre o leite que producíamos na nosa granxa e o lugar no que nos atopabamos xurdindo así Lácteos Ribeira Sacra (nome comercial autorizado polo Consello Regulador).
- Esta planta atopase a carón da granxa e nela elaboramos distintos derivados lácteos, entre outros leite cru, leite pasteurizada homoxenizada, queixos con distinto grado de maduración, no que destaca o queixo ao viño Mencía da Ribeira Sacra.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Antonio López, tef.667603762 / Lucía López, tef. 671095063



## GANDERÍA QUINTIÁN

1.- Nome do produtor: Gandería Quintián SC

2.- Localización: Friolfe, O Páramo

Coordenadas: 42.82060, -7.51663

<https://goo.gl/maps/fx1hwqA4zWg6zchP9>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes.**

4.- Actividades:

- Gandería pioneira en venta directa de leite pasteurizado non homoxenizado
- Queixería modelo de sustentabilidade e sen impacto paisaxístico, ubicada baixo terra que conta con unha cava de maduración con auga natural, con un proceso de elaboración de queixo artesán
- Actividades para os rapaces:
  - Visita a gandería e interacción cos animais
  - Visita a queixería guiada con cata de queixo e leite para finalizar



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Chelo López, tef. 648 195 989

## GRANXA AEIROÁ

1.- Nome do produtor: Granxa Aeiroá

2.- Localización: Veiga de Anzuelos, 26 - Láncara

Coordenadas: 42.92466629821708, -7.366547211646109

<https://goo.gl/maps/FkQq1tbhgu7mTEUy7>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Granxa familiar de avicultura baixo o selo “Galiña de Mos”
- Produción de animais vivos e de ovos
- Rabaño familiar de ovellas galegas, integrada na Asociación Asovega, con pastoreo ao aire libre e posibilidade de atender a cría dos anos na época de partos na granxa
- Mantemento da identidade de marca galega de calidade, da elaboración artesá e do coidado do entorno



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Sandra López, tef. 607 508 647

Email: [sandra@aeiroa.es](mailto:sandra@aeiroa.es)

### GRANXA ANGUS DO CAMPO

1.- Nome da granxa: Granxa Angus do Campo

2.- Localización: Lg.- Vilarín 6, Montecubeiro, CP.-27128, Castroverde.

Coordenadas: 43,0958624, - 7,3144802

<https://maps.app.goo.gl/p59ghu9u32cad6ED8>

3.- Condicións da visita: **máx. 25 participantes**. Suxeito a condicións climatolóxicas, ideal maio e xuño

4.- Actividades:

- Percorrido polas instalacións fixas da granxa.
- Visita a pé (si o tempo o permite) á finca do lote de vacas de raza *angus* con xatiños máis pequenos.
- Posibilidade de visitar un parque eólico.
- Posibilidade de visitar un castro natural non excabado.
- Posibilidade de visitar o adro da parroquia co cruceiro e o monoloito á memoria.
- Posibilidade de visitar a cima do monte Pradairo (1025msn)
- (As visitas serían pactadas con anterioridade para non alongar a xornada e realizariáanse no bus da escola ao lugar escollido sempre e cando a climatoloxía ou outros factores o permitan)
- Conversa-coloquio final cos rapaces e acompañantes sobre a experiencia.
- Entrega de un pequeno agasallo aos visitantes.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: Manuel, tef. 600 555 827

Email: [angusdocampo@gmail.com](mailto:angusdocampo@gmail.com)



## GRANXA TEIXEIRO E PISTÓN

1.- Nome da granxa: Granxa Teixeiro E Pistón SC

2.- Localización: Venta de Cruzul, Becerreá


Coordenadas: 42.85223789285162, -7.150363128065193

<https://goo.gl/maps/ER9AV4uqPhqCtKE76>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**. Datás de visita: abril - xuño, setembro. Ideal para primaria (para os nenos de infantil pode ser difícil completar o roteiro).

4.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de cabrún (raza cabra galega) e cabalar (cabalo de pura raza galega) en réxime extensivo, rexentada por unha parella de enxeñeiros forestais emprendedores, onde o benestar animal ten unha vital importancia. Venta dos produtos de proximidade da granxa en feiras e mercados tradicionais, así coma tendas de distribución na propia comarca
- Tramitando a certificación da súa produción de gandería ecolóxica a través do selo do CRAEGA
- Actividades e xogos para os escolares:
  - Que son e como traballan os cans de pastoreo: Border Collies e Can de Palleiro
  - Que son e como traballan os cans de defensa e garda do rabaño e diferenzas cos de pastoreo: Mastín de Español de Traballo
  - As cabras e as razas autóctonas, diferenzas con outras especies. Raza Cabra Galega
  - Cabalos e razas autóctonas, diferenzas doutras razas e especies. Pura Raza Galega
  - Como é no noso territorio (especies vexetais que medran nel), como facemos para conservar a biodiversidade (proxectos de custodia de territorio na granxa). O caso do Lobo.
  - Pastoreo extensivo, como aproveitar os recursos que temos no territorio.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Miguel Cordero e Yolanda Gómez, tef. 647 080 604 / 666 727 814

Email: [migcordero@yahoo.es](mailto:migcordero@yahoo.es); [yoligorro@yahoo.es](mailto:yoligorro@yahoo.es)



## MILHULLOA

1.- Nome do produtor: Milhulloa Sociedade Cooperativa Galega - Cosmética natural e ecolóxica

2.- Localización: Lugar Coto 1, Palas de Rei



Coordenadas: 42.88402708278106, -7.956158964897008

<https://goo.gl/maps/2RRDuL2V6W8dLeiz7>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes**. Visita + obradoiro

4.- Actividades:

- Cooperativa de marcado carácter feminino enfocada á produción de herbas medicinais en ecolóxico. Elaboración de infusións, especias, grelos e outras hortalizas deshidratadas
- Venda e distribución en tendas locais e a través do comercio electrónico
- Obradoiros de cosmética natural
- Actividades formativas e realización de obradoiros sobre a elaboración de produtos artesáns
- Visita guiada pola fábrica e cultivos de plantas medicinais, identificación das especies.
- Obradoiro de propagación de plantas e elaboración dun dentífrico co extractos medicinais. Cata de infusións



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración visita + obradoiro 2 h.

6.- Contacto: Chusa Expósito, tef. 646 569 126

Email: [milhulloa@hotmail.com](mailto:milhulloa@hotmail.com)



## MUVICLA

1.- Nome da granxa: Museo Vivo e Integrado del Campo y la Locomoción Agraria

2.- Localización: Lugar A Eirexe, Seoane, Láncara


Coordenadas: 42.89511281971432, -7.374979299999999

<https://goo.gl/maps/b8taN5cYfUTJ5c5B7>

3.- Condicións da visita: **máximo 40 participantes.**

4.- Actividades:

- Museo que recolle a cultura e o patrimonio do rural: colección completa do tratamento do cereal, muíño celta, colleitadora autopropulsada mallos, malladora sistema Suiza, Campeva ou atador de segadora autopropulsada
- Paseo pola historia en tractor: pendello tipo feira, con exposición dunha colección de tractores que describe como foi a evolución dos tractores, adaptada a momentos históricos
- O museo está asentado na “casa de Vázquez”, unha casa de labranza que mantén a súa actividade agrogandeira na actualidade, diversificando a actividade primaria coa produción de vacún certificado baixo a DO “Terneira Gallega” e produción de mazá para sidra envasada polo grupo “Hijos de Rivera (Maeloc)”



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Marcos Vázquez, tef. 619 389 069

Email: [vazqueztrasliste@hotmail.com](mailto:vazqueztrasliste@hotmail.com)

### O TROBO, MEL DO VALADOURO - MUSEO DO MEL

1.- Nome do produtor: O Trobo, Mel do Valadouro – Museo do Mel

2.- Localización: Trasdorsios, 4 – Alaxe - O Valadouro


Coordenadas: 43.55689950388013, -7.440299007064536

<https://maps.app.goo.gl/aDs6swCggsWQsJgH6>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes.**

4.- Actividades:

- Ao visitante que veña as nosas instalacións, (previa concertación de cita) podemos amosarlle o noso “MUSEO DO MEL”, onde de forma didáctica e interactuando o visitante, aprende a vida no interior da colmea, (os distintos oficios que realiza a obreira dende o seu nacemento).
- Seguidamente simulamos a extracción do mel nun extractor de aceiro inox. Continuando o percorrido pasamos a outra zoa do museo onde explicamos como se realizaba a comezos do século XX, mostrando as “xoiás” que herdamos .
- E, como xa estamos totalmente implicados no mundo abelleiro, se o tempo o permite, vemos o colmeiar en funcionamento (nunca abrimos a colmea).



4.- Contacto: Tef. 626 16 27 91

Email: [otrobo@hotmail.com](mailto:otrobo@hotmail.com)

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.



## PAZO DE VILANE

1.- Nome da granxa: Pazo de Vilane

2.- Localización: Camiño de Vilane 31, Antas de Ulla


Coordenadas: 42.78169496338115, -7.903361

<https://goo.gl/maps/ereoQQ7yCJFCcfxs9>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Proxecto asentado nun antigo pazo de Antas de Ulla, que foi pioneiro na introdución de ovos campeiros a mediados dos noventa
- Na actualidade produce 2 millóns de dúcias de ovos campeiros ao ano, cun exquisito coidado e atención das ganiñas que viven en liberdade
- Mantemento da identidade de marca galega de calidade, da elaboración artesá e do coidado do entorno, por medio da diversificación ao elaborar outros produtos como marmeladas de froitos cultivados no propio pazo



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: Nuria Varela-Portas, tef. 646 020 189

Email: [info@pazodevilane.com](mailto:info@pazodevilane.com)

### PORCO CELTA DE OUTEIRO

1.- Nome do produtor: Porco Celta De Outeiro (Fernando Saavedra Portela)

2.- Localización: Ponte de Outeiro, 33. Castro de Rei

Coordenadas: 43.24754186915474, -7.416311818916956


<https://goo.gl/maps/dDNjhJARpCd9VhK49>

3.- Condicións da visita:

- **máximo 50 participantes.**
- Disponibilidade de maio a decembro.

4.- Actividades:

- Pequena explotación de Porco Celta que cría e produce porcos cebados.
- A maioría das vendas fainas a particulares. Recentemente comezou a elaborar os seus propios produtos elaborados baixo a marca Porco Celta de Outeiro.
- Ten un local de hostalería onde comercializa os porcos baixo o logotipo 100% Porco Celta.
- Obradoiros para os rapaces: Visita de instalacións do Porco Celta.



4.- Contacto: Fernando Saavedra Portela, tef. 639950729

Email: [porcodeltadeouteiro@gmail.com](mailto:porcodeltadeouteiro@gmail.com)

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 1,5 horas.



### SAT LODOS E PÉREZ

1.- Nome do produtor: SAT Lodos e Pérez

2.- Localización: A Casanova s/n - Pousada, A Pastoriza

Coordenadas: 43.237572, -7.339204

<https://goo.gl/maps/wbFgMQN7da1kjRpH8>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes**. Link vídeo-reportaxe da granxa:

[https://www.youtube.com/watch?v=7y8vSbjF8hU&ab\\_channel=VacaTV-Transmedia](https://www.youtube.com/watch?v=7y8vSbjF8hU&ab_channel=VacaTV-Transmedia)

4.- Actividades:

- Granxa familiar de gando vacún de leite en extensivo, con recría en semi-intensivo e sistema de muxido con robot
- Actividades para os rapaces:
  - Interacción coas actividades diarias da granxa
  - Degustación de leite fervido producido na granxa
  - Ruta polas instalacións



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: Alfonso Lodos, tef. 686 596 096



### SAT O PALOMAR

1.- Nome do produtor: SAT O Palomar

2.- Localización: Ronfe, Láncara

Coordenadas: 42.841815, -7.419302

<https://goo.gl/maps/8v1jEGa6ygS4yxVw8>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Granxa familiar de gando vacún de leite en intensivo, con recría en extensivo e sistema de muxido en sala de muxido. Experiencia na organización de visitas escolares
- Actividades para os rapaces:
  - Interactuar alimentando os xatos.
  - Obradoiro de queixo a mans da avoa Carme
  - Vídivicaeo - Conto en primeira persoa da nosa vaca Salomé.
  - Muxido dunha vaca (obradoiro)
  - Degustación con produtos derivados do leite: queixo, tortas, biscoito, leite fervido, iogures
  - Obsequio de diploma de gandeiro e dun libro de actividades sobre todo o aprendido na visita á granxa



4.- Contacto: Quiara Pardiñas, tef. 610 388 735

Email: [satopalomar@hotmail.com](mailto:satopalomar@hotmail.com); [quiarapardinas@gmail.com](mailto:quiarapardinas@gmail.com)

5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

### SEN MÁIS - AS VACAS DA ULLOA

1.- Nome da granxa: Sen Máis - As Vacas da Ulloa

2.- Localización: Lugar A Cernada, Palas de Rei


Coordenadas: 42.974371496372, -7.846256901056787

<https://goo.gl/maps/YYheBbwhRJYLxNAW7>

3.- Condicións da visita: **máximo 30 participantes.**

4.- Actividades:

- Proxecto de emprendemento rural arraigado na constancia e vontade das dúas socias mozas ao fronte da sociedade. A elaboración dos seus produtos procede das súas respectivas granxas de leite ecolóxico con vacas de raza parda alpina e frisona
- As tarefas son levadas dun xeito tradicional, porén a finalidade última é xerar o maior valor engadido do leite producido de excepcional calidade e propiedades organolépticas
- Obradoiro integrado nas instalacións da granxa para producir iogur e leite pasteurizado
- Cosmética ecolóxica galega cunha base de leite cru de vaca acabado de muxir
- Labor didáctica para concienciar sobre os beneficios do consumo de produtos de proximidade e das vantaxes sobre a saúde humana e sobre o medio ambiente da produción ecolóxica
- Roteiro informativo polos distintos espazos de traballo do proxecto para aproximar aos escolares ás características do modelo produtivo
- Obradoiro relacionado co leite e a súa transformación. I+D+I no rural cunha mirada á valorización das producións gandeiras



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Visita, obradoiro e actividades de 3 h de duración.

6.- Contacto: Ana Corredoira, tef. 620 266 476 / 982 173 057; Marta, tel. 679 995 362 / 616 789 009

Email: [acernada@hotmail.es](mailto:acernada@hotmail.es); [muuhlloa@gmail.com](mailto:muuhlloa@gmail.com)

### TERRAS DA MARIÑA S. COOP. GALEGA

1.- Nome da granxa: Terras da Mariña S. Coop. Galega

2.- Localización: Ponte das cuñas s/n, Lourenzá


Coordenadas: 43.469335594129355, -7.293808275297969

<https://goo.gl/maps/VcX2L2ZZvouS9tNE8>

3.- Condicións da visita: **máximo 50 participantes.**

4.- Actividades:

- Difusión pedagóxica da posta en valor agronómico e produtivo das Terras de Miranda
- A cooperativa aglutina a todos os produtores da zona que cultivan e envasan a faba certificada baixo o selo da IXP Faba de Lourenzá
- Xestión conxunta da produción da faba das granxas dos socios, garantindo un referencial de calidade que asegura a trazabilidade e a seguridade alimentaria do produto
- Control biolóxico de todo o proceso produtivo
- Organización de actividades formativas e divulgativas :
  - Centro de interpretación da faba, o papel das leguminosas
  - Obradoiro didáctico no muíño do Pereiro
  - Visitas ás granxas de leguminosas para coñecer o proceso produtivo
  - Encontro con “Fabito” na cooperativa, onde nos amosará os beneficios das leguminosas na nosa alimentación diaria, e nos dará un agasallo



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: Pepe Cuadrado, tef. 636 679 512

Email: [terrasdamarina@gmail.com](mailto:terrasdamarina@gmail.com)



## TRALOAGRO SL

1.- Nome do produtor: Traloagro SL


2.- Localización: Lugar de Burgo de Negral, parroquia de Pacio e Polígono Industrial, Parc. 55 - Friol  
Coordenadas: 42.95826413763207, -7.779406895629907

<https://goo.gl/maps/V3NHktZwboSS4tgp8>

3.- Condicións da visita: **máximo 40 participantes** . Ideal meses de maio, xuño e outubro por mellor disposición de pastos e paisaxe.

4.- Actividades:

- Producción cárnica de bovino e avícola en ecolóxico; transformación e comercialización dos produtos cárnicos ecolóxicos en instalacións propias; todos os procesos dende a produción están certificados por os seguintes selos: CRAEGA, TG, SLOW FOOD e Artesanía Alimentaria.
- Ecotenda na que comercializamos os nosos produtos eco e de outros produtores.
- Actividades propostas na granxa (escoller unha por cada centro dependendo da idade)
  - Visitar as distintas producións e realizar alí unha actividade nas tarefas habituais, como poder ser aportar alimento os animais ou aprender a observar o estado dos animais.
  - Obradoiro para aprender a diferenciar produción ecolóxica con exemplos de diversos alimentos e plantacións, aprender o que a paisaxe nos pode transmitir.
- Actividades propostas no Biocentro cárnico:
  - Presentación dun vídeo no que entender o proceso de produción e venda.
  - Obradoiro de realizar unha hamburguesa ecolóxica por eles mesmos , cociñado e degustación da mesma.
  - Obradoiro para aprender como se tranforma unha peza cárnica nun alimento, diversas opcións.
  - Ao final da visita levarán un agasallo relacionado co aproveitamento dos recursos da granxa , o seu entorno ou produción cárnica ecolóxica.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada , IVE incluído. Duración 3-4 horas.

6.- Contacto: Isabel, tef. 617 40 37 12 / 982 04 20 03

Email: [isabelle@traloagro.es](mailto:isabelle@traloagro.es) / [administracion@traloagro.es](mailto:administracion@traloagro.es)



### TRES FUCIÑOS S. COOP. GALEGA

1.- Nome da granxa: Tres Fuciños S. Coop. Galega

2.- Localización: Camiño da Fonte, 3 - O Castro. Carballo

Coordenadas: 42.53077284595485, -7.7839967513680355


<https://goo.gl/maps/hrvXwoheBjbnA6Cj6>

3.- Condicións da visita:

- **máximo 50 participantes.**
- Disponibilidade durante todo o ano.

4.- Actividades:

- Explotación de Porco Celta que pecha o ciclo, é dicir, que produce porcos cebados. Tamén teñen produción hortícola tanto ao aire libre como baixo invernadoiro.
- Comercializa os porcos a través da cooperativa da que forman parte, subcontratan servizos intermedios ata a distribución directa dos produtos elaborados. Comercializan tódolos porcos cebados baixo o 100% Porco Celta e a marca Tres Fuciños.
- Obradoiros para os rapaces:
  - Visita de instalacións do Porco Celta.
  - Explicación do que é unha cooperativa e como funciona.
  - Visita de instalacións de Porco Celta e de tódalas fases do ciclo produtivo dende que nacen ata que xa saen cara o matadoiro.



5.- Custo das actividades: 500 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: Isabel, tef. 666 552 508

Email: [hortadarula@gmail.com](mailto:hortadarula@gmail.com)



## TROPIC GAIA

- 1.- Nome do produtor: Tropic Gaia
- 2.- Localización: Actividades impartidas nas instalacións dos centros escolares que o soliciten
- 3.- Condicións da actividade: **máximo 30 participantes**, obradoiro impartido no centro escolar
- 4.- Obradoiros:
  - **Obradoiro de cultivo:** As fases lunares e a horta. Asociacións beneficiosas entre plantas. Clasificación dos produtos comestibles da horta
  - **Obradoiro “cromatografía das plantas”:** Explicación sobre o porqué da cor das plantas. Experimento con follas verdes e moradas.
  - **Obradoiro de plantas aromáticas e medicinais:** Explicación dos beneficios das plantas aromáticas e medicinais. Elaboramos colonias con plantas aromáticas.
  - **Obradoiro “a contaminación da auga”:** Explicación sobre a importancia da pureza e tratamento das augas para o consumo por animais e prantas. Elaboramos unha depuradora/filtro de auga caseiro.
  - **Obradoiro de reciclaxe:** Elaboración de macetas autorregulantes con materiais reciclados.
  - **Obradoiro “cambio climático”:** Explicación do cambio climático a través de 3 experimentos: Efecto invernadoiro; Chuvia ácida; Fundimento dos polos.
  - **Obradoiro salvemos ás abellas:** Explicación da importancia das abellas no ecosistema. Elaboración de trampas para velutinas que se utilizarán para poñer na contorna do colexio.
  - **Obradoiro ¿Que é a contaminación?:** Explicación das fontes máis importantes de contaminación do planeta. Elaboración de “Captadores de partículas” que colocaremos dentro e fora do CEIP para a súa posterior revisión.
  - **Obradoiro de “plástico ecolóxico”:** Elaboración de figuras de plástico ecolóxico a partir do leite.
  - **Obradoiro “vela ecolóxica infinita”:** Elaboramos unha vela con aceite, auga e material de refugallo.



- 5.- Custo das actividades: 525 €/obradoiro, IVE incluído. Duración 2 horas.
- 6.- Contacto: Andrea González, tef. 600 333 877  
Email: [tropicgaia@gmail.com](mailto:tropicgaia@gmail.com)

